

**Teoría e praxe da proposta ortográfica de Marcial Valladares.
Os acentos como marca de abertura vocálica**

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

1. Valladares, lingüista

Marcial Valladares (Vilancosta - A Estrada, 1821-1903) é, tras o gramático ourensán Saco Arce (1831-1881), o persoeiro máis sobresaínte da lingüística galega do século XIX. En efecto, á súa faceta de precursor do uso do galego no Rexurdimento como lingua literaria, tanto no xénero lírico sobre 1840, coma na prosa de ficción coa obra *Majina ou a filla espúrea* (1870), hai que sumar o seu interese xa de cedo polo estudo do galego do seu tempo, pola súa compilación e mais pola súa codificación escrita. Amais, cómpre salientar que as súas inquedanzas literarias e lingüísticas correron parellas a outra das súas grandes paixóns: a de recoller folclore, faceta da que se pode afirmar que actúa como matriz xeradora das outras, mesmo ata acabaren confundíndose. E en verdade, o autor ullán dedicou unha parte importante da súa vida a rexistrar a cultura popular galega, sobre todo do seu país da Ulla, anotando melodías, danzas, costumes, contos, cantigas, refráns, adiviñas, modismos, ditos... que lle serviron moitas veces de elementos auxiliares tanto na súa obra literaria coma na lingüística.

A contribución de Valladares á lingüística galega decimonónica cuantifícase nun dicionario e nunha gramática, ambas as obras iniciadas a mediados do século, se facemos caso das informacións recollidas nos seus prólogos, aínda que non lles daría cabo ata tres décadas despois. O *Diccionario gallego-castellano* (1884), o terceiro en orde de aparición (tras o de Rodríguez 1863 e Cuveiro 1876), foi a obra

que lle deu máis prestixio entre os coetáneos e tamén na posteridade, pois foi, pola cantidade e pola fiabilidade das súas entradas, o repertorio lexicográfico galego de referencia ata mediados do século XX en que apareceu o *Diccionario enciclopédico* (1958-1961) de Eladio Rodríguez. De por parte, os *Elementos de Gramática Gallega* (1892) virían a ser o cuarto texto da tradición gramatical galega (despois dos de Mirás 1865, Saco 1868 e Cuveiro 1868), mais non tivo repercusións no seu tempo, xa que permaneceu inédito no seu despacho de Vilancosta ata 1970. Sobre a escrita do galego tamén reflexionou en varios artigos publicados na prensa da época¹⁶⁹.

2. O modelo ortográfico de Valladares

O galego entra no século XIX sendo unha lingua eminentemente oral circunscrita ó ámbito familiar e rural. O seu desprazamento progresivo dos rexistros cultos e escritos por parte do castelán nos séculos precedentes impediran que a lingua, no tránsito da época medieval á moderna, habilitase un sistema gráfico, gramatical e léxico uniforme, estable e coherente, que por outra parte si fixeran os idiomas veciños.

Os escritores que durante os chamados “séculos escuros” e as primeiras décadas do XIX, e aínda máis tarde, se propuxeron ensaiar o galego por escrito atopáronse cunha situación, canto á lingua, caracterizada por unha tradición escrita moi feble e pola ausencia dunha instancia, institución ou patrón que puidese ditar ou inspirar normas en materia lingüística. Estes escritores, por tanto, víronse na obriga de abordar tarefas complexas de selección e codificación, discutibles en función dos criterios que usaban.

Ante a ausencia dunha norma aglutinadora, Marcial Valladares, un deses precursores do galego literario moderno, optou por recoller na súa escrita os trazos fónicos e prosódicos que mellor caracterizaban o galego falado e que, desde a súa perspectiva de creador literario e estudoso da lingua, merecían figurar dentro do patrón formal que el propuña para o galego.

A grandes trazos, o seu modelo gráfico coincide co adoptado por outros autores do Rexurdimento, xa que tiña como base a ortografía do castelán nos aspectos fonolóxicos en que ambas as linguas coincidían (usos de /<v>, <h>...), como non podía ser doutro xeito¹⁷⁰, pois fora a lingua en que se escolarizaran todos

¹⁶⁹ Sobre a vida de Marcial Valladares, a súa poesía, o seu dicionario e a súa gramática poden verse os nosos traballos Fernández Salgado (2005, 2003, 2004a, 2004b, respectivamente).

¹⁷⁰ Mosterín (1993: 169) comenta que os lingüistas á hora de deseñar escrituras para linguas que previamente carecían delas é habitual que os axustes ortográficos se fagan en función da lingua dominante coa que están en contacto, aínda que a súa ortografía estea chea de defectos.

eles¹⁷¹. No propio apartado de “Ortografía” da súa *Gramática Gallega*, Saco Arce (1868: 226) xa o advirte:

siendo aplicables casi en su totalidad á la ortografía del dialecto gallego, en lo relativo al uso de las letras y á la puntuación, la reglas de la ortografía castellana; nos limitaremos á hacer algunas advertencias sobre las letras *i-y*, *n-m*, *x*, sobre los acentos y algun otro signo.

As diverxencias entre os autores do Rexurdimento aparecerán no intre de representaren aqueles trazos específicos da fonémica do galego, nomeadamente o fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/, a nasal velar /ŋ/, o grao de abertura das vogais medias <e, o> e as elisións, contraccións e asimilacións que se producen entre vogais e consoantes na cadea falada. Conforme avance o século XIX, o polimorfismo ortográfico no tocante á representación dalgún dos devanditos trazos fónicos irá desaparecendo, ó asumiren a maioría dos escritores unha grafía única –o caso do grafema <nh> para a representación da nasal velar en *unha*–. Noutros puntos, a concordia ortográfica será menos evidente –o caso da marcaxe da abertura das vogais medias–; e mesmo dará lugar a acedos debates nas páxinas dos xornais –o caso da representación do /ʃ/, na que o propio Valladares participou (vid. Hermida 1987 e González Seoane 1992: 94-10).

Nos aspectos gráficos en que houbo que innovar, Valladares decántase por un modelo gráfico que emula o do francés, a lingua estranxeira máis estudada e de maior prestixio na España oitocentista. Lembran a fasquía da complicada ortografía francesa aspectos coma o emprego de dous tipos de acentos diferentes para reflectir a intensidade e a abertura das vogais medias; a elección grave para marcar a abertura; o uso do apóstrofo para representar as elisións nos encontros vocálicos; e o uso das grafías etimolóxicas <j> e <g>, amais de <x>, para a representación do /ʃ/. No tocante a este último aspecto, entre as dúas posturas enfrontadas: a dos “equistas” (favorables a unha única grafía <x>) e á dos “etimoloxistas” (partidarios de <j> e <g>), Valladares ofrecerá unha terceira vía, próxima á dos etimoloxistas, aínda que a diferenza deles non propondrá seguir o latín senón a escrita das mesmas palabras no español, co fin de facilitar así a correcta discriminación das tres grafías (Valladares 1892: 19).

¹⁷¹ A ortografía galega dos textos do Prerrexurdimento foron estudados por Mariño Paz (2003) e os do Rexurdimento, por González Seoane (1992). Este investigador analizou os sentimentos na época cara a Portugal e a súa lingua, e tamén o peso da ortografía do español na conformación dun modelo gráfico para o galego. Canto isto último, González Seoane (1992: 32-57) indica que entre os propios autores da época está moi estendida a imaxe de que o galego “non é estraño nin esencialmente distinto do español” (segundo o razoamento de Leandro de Saralegui). Nesta altura tamén se cre que o portugués e o castelán son produto da evolución do galego antigo (segundo, por exemplo, A. de la Iglesia), a pesar de que Martínez Salazar xa indicara que “las lenguas románicas se formaron paralela y simultaneamente del latin en cierto período de tiempo” (Marsal 1888: 166).

Se o seu modelo ortográfico imita os sistemas do español e do francés, o modelo fónico que representa estéase en boa parte no galego popular e, sobre todo, na lingua tradicional que, por exemplo, gardaran os refráns e as cantigas que tanto gustaba de coleccionar. Era esta a única elección posible ante a inexistencia de rexistros lingüísticos cultos na lingua autóctona, por mor da ausencia de institucións propias que operasen con ela. O modelo popular tradicional é evidente no seu interese por querer reflectir na escrita os fenómenos de elisión e contracción vocálicas (*ond' ò pé d'un, cand' á súas amas*, escribe en *Majina*); de asimilacións de consoantes e vogais (*mentra-l-a gente, perde-l-a mayor*, exemplos de *Majina*); ou no tratamento dos grupos cultos latinos, nos cales, en *Majina*, sanciona tanto a pronuncia reducida do grupo (*condutoras, explicar, malino, istante*) coma a vocalización do elemento velar en <u> (*dialeuto, refleusionar, oujeto*). Como sucede tamén con outros autores do Rexurdimento, o seu galego ciméntase sobre todo no dialecto do seu país da Ulla. Son proba diso a representación nalgunhas palabras por medio do acento grave de fenómenos como a metafonía nominal de *-a* en *èla* ou *hòra*; a abertura de <o> en substantivos como *vòs* e *sòl* (“voz” e “sol”), trazo dos dialectos galegos máis occidentais fronte ós orientais que manteñen o timbre pechado etimolóxico; a pechazón das vogais medias trabadas por nasal (nunca grafa con acento formas como *tempo* ou *vento*); ou a representación do seseo implosivo (*rapás, vés* “vez”...).

Así e todo, malia partir dun modelo eminentemente popular, Valladares mostrarase selectivo e en certa maneira prescritivo nos casos en que a fidelidade excesiva á fala acabe escurecendo o significado e vulgarizando o idioma. O noso autor mantén diferenciados o plano da escrita e o da práctica da fala, de aí, por exemplo, que propoña un uso racional do apóstrofo no caso das elisións. Por outra parte, tampouco acolle favorablemente a pronuncia da gheada, segundo el, “manera incivil de hablar, solo dispensable en boca de gente záfia” (Valladares 1892: 20), connotada pexorativamente tamén por outros coetáneos seus¹⁷². En fin, o galego ideal que buscaba queda descrito nestas súas palabras (Valladares 1888: 398):

No debemos, pues fijarnos demasiado en si la gente ordinaria de tal ó cual, punto habla de esta ó de otra manera, sino en lo mejor de cada localidad, y formar luego un conjunto de reglas y preceptos, á que hayan de atenerse todos los gallegos de alguna cultura, siempre que hablen o escriban en nuestro dialecto.

A proposta teórica ortográfica do autor ullán recóllese en tres colaboracións súas publicadas nas revistas da época: “Del apóstrofo en la escritura gallega” (1879), aparecida en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, e “Escritura gallega” (1888a) e “Una

¹⁷² Ideas semellantes atopa Alonso Montero (1970: 42-45 e 1988: 12-13) en persoeiros dese tempo como Turnes, Martínez González, Paumán ou Martínez Salazar

reflexión” (1888b), entrambas na revista *Galicia. Revista Regional*. A estes traballos deben engadirse tamén o seu dicionario e o seu texto gramatical. O *Diccionario Gallego-Castellano* (1884), a pesar de non conter ningunha explicación nin xustificación teórica da ortografía empregada, non por iso deixa de ser unha proposta de escrita das palabras que nel se rexistran. El mesmo afirma no prólogo que “lo importante en un diccionario es el número mayor de voces, con buena ortografía escritas y exactamente definidas” (as cursivas son nosas). De por parte, nos *Elementos de Gramática Gallega* (1892) recolle abondosas cuestións ortográficas ó longo das súas distintas seccións; lémbrese, ademais, que os *Elementos* foran concibidos, segundo o indica no prólogo, polo desexo de xustificar a ortografía do seu dicionario.

Polas datas de todos estes traballos, as súas reflexións son froito xa dun Valladares maduro, que ofrece unha proposta ortográfica para o galego singularizada principalmente por tres aspectos:

- 1) A marcaxe do grao de abertura das vogais medias por medio do uso de acentos gráficos. Sobre ela trata brevemente en “Escritura gallega” e desenvólvea máis nos *Elementos*.
- 2) A representación das elisións, contraccións e asimilacións de vogais e consoantes que se producen na cadea lingüística por fonética sintáctica, para as que propón empregar o apóstrofo e o guión (ou *trait d'union*, como a el se refire). Abórdao en “Del apóstrofo en la escritura gallega” e máis nos *Elementos*.
- 3) A grafización do fonema /ʃ/, fricativo prepalatal xordo, para o que propón o uso de tres grafemas <j, g, x>. A esta cuestión dedica boa parte dos traballos “Escritura gallega” e “Una reflexión”, algúns fragmentos dos cales volve reproducir con pequenas modificacións nos *Elementos*.

Merecéronlle tamén breves reflexións teóricas outros aspectos ortográficos. Entre eles á representación da conxunción copulativa *e* como <y> (cando en contexto antevocálico se realiza como unha semiconsoante palatal [j]), refírese a ela en “Escritura gallega” e nos *Elementos* (1892: 14-16). Á grafía do son aspirado que se emite nalgúns casos de risa ou burla (para o que propón o uso de <h>), dedicoulle varios comentarios en “Una reflexión” e púxo a en relación co emprego que outros autores dan ó iota <j> para representar o son das gheadas ou de voces castelás en galego.

As súas indicacións ortográficas apenas se puxeron en práctica máis alá dos seus propios escritos. Tampouco transcendería unha última proposta de tipo foneticista recollida nun texto inédito seu de 1896, que deu a coñecer García Ares

(1996). Como xa parecíamos albiscar nalgúns treitos dos *Elementos* e na grafía de certas palabras con <j> e <z> no *Diccionario* (vid. Fernández Salgado 2002: 488-89 e 497), Valladares acaba defendendo nese escrito unha ortografía simplificada para o galego (García Ares 1996: 63-65) e proponendo a eliminación dos usos de <v> en favor de , a substitución de <ca, co, cu> por <qa, qo, qu> e de <ce, ci> por <ze, zi>, o uso exclusivo de <j> para a representación do /j/ e a supresión de <k>, <y> e case completa de <h>. Malia esta proposta, Valladares era sabedor e consciente do difícil que era levala á práctica. Nunha carta datada 1893 (vid. Fernández Salgado 2005: 373-274), Valladares escribíalle a Martínez Salazar para agradecerlle ó libreiro e editor o envío dun exemplar dunha edición de *Proezas de Galicia* que acababa de tirar, con escritura foneticista, sobre o que o ullán opinaba:

Respecto á la ortografía en él ensayada, ¿que quiere V que le diga? Comprendo, por una parte, las ventajas de esa ortografía y veo, por otra, que ella ataca todo lo, sobre el particular, existente, razon poderosa para que no se generalice durante mucho, pero mucho tiempo; así habrémos de ir viviendo y vivirán nuestros hijos y nietos con lo que otros nos dejaron; sopena de no saber á que atenernos y armar un galimatías que ni el demonio lo entienda.

3. O corpus de análise

Por razóns de espazo, nas páxinas que seguen analizamos unicamente un aspecto moi singular da súa proposta gráfica: a representación da distinta abertura de <e, o> por medio de acentos. Confrontaremos a súa proposta coa doutros autores da época e veremos a práctica feita nos seus escritos con respecto ó que propugna teoricamente.

Da súa obra literaria e de colección folclórica, decidímonos por examinar só as versións manuscritas autógrafas que conservamos. Non o facemos nas publicadas, xa que destas temos a certeza de que en moitos casos sufriron manipulacións gráficas por parte do editor, práctica habitual nalgún deles coma A. de la Iglesia ou Lamas Carvajal¹⁷³. Así, os textos elixidos foron os autógrafos de *Composiciones Gallegas*, que recolle varios poemas seus das décadas de 1844-1856; o bloque das

¹⁷³ Non analizamos outros textos impresos seus, como a versión publicada de *Majina* (1880) en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, porque o propio Valladares expresou o descontento coa súa edición nunha nota do manuscrito, indicando que se publicara “con multitud de erratas, de que mandé oportunamente nota á la redaccion y no há salido á luz”; tampouco examinamos os contos publicados en *Galicia Humorística* (1888), pois neste aspecto gráfico concreto ofrecen máis dificultades de interpretación polo uso anárquico que se observa nos acentos. Por exemplo, unha palabra como *cochá* ‘porca’, seguramente con timbre aberto /ɔ/ no dialecto do autor (no seu dicionario, CÔCHA), aparece grafado de tres maneiras nun mesmo conto: *cócha, còcha, côcha*.

“Cantigas da Ulla” do *Cantigueiro popular* (1867); e o autógrafo de 1870 da súa novela *Majina*¹⁷⁴.

Tamén teremos en conta a grafía das entradas e mais os textos de exemplificación contidos no seu *Diccionario* (1884) -edición fiable, pois sabemos que foi supervisada directamente por el-; e a tradución de “La fuente de los engaños” de Baltasar Gracián, que aparece ó final dos *Elementos de Gramática Gallega* (1892: 128-129). As calas que vaiamos facendo nos escritos das diferentes décadas permitíranos concluír se neste uso particular dos acentos se observan distintas etapas ó longo dos máis de 60 anos que median desde os seus primeiros versos, aló por 1840, ata os últimos textos que escribe xa raiando o século XX. Por outra banda, a información fornecida por Valladares sobre as aberturas vocálicas constitúen para o investigador actual un importante banco de datos fónicos sobre o galego do século XIX, ó que podemos recorrer con total garantía.

4. O uso de acentos como marca de abertura das vogais no século XIX

Ó igual ca na actualidade, o sistema vocálico do galego oitocentista posuía en sílaba tónica e pretónica sete elementos fonolóxicos /a ε ɔ e o i u/, dúas unidades máis có sistema do español. A existencia destes dous graos de abertura nas vogais medias, un pechado /e, o/ e outro aberto /ε, ɔ/, non pasou inadvertida para os nosos lingüistas e escritores da época moderna. No século XVIII rexistraron este dato Sarmiento e Sobreira (vid. Mariño Paz 2003: 31), e no XIX volvérono constatar Pintos (1853: 69-70), Saco Arce (1868: 17), Cuveiro (1868: 1-2), Rodríguez Rodríguez (1892: 389) ou Valladares (1892) nos seus diferentes estudos gramaticais.

Valladares, por exemplo, comenta nos *Elementos de Gramática Gallega* (1892: 12-13) que “la e puede ser abierta, ó cerrada” e enumera unha serie de exemplos. De /ε/ cita *cègo, dèngue, è, fènto, hèdra, mullèr...* e para /e/ lista *bébedo, cédo, estupidés, intrés, nenés...* Engade que o dito “es aplicable á la o” (1892: 13) e dá como exemplos de /ɔ/ *abò* “abuela”, *bòla* “paparrucha”, *bòte* ‘embarcación’, *còfia, còrvo* “cuervo”... e para /o/ *abó* “abuelo”, *amorillón, bóla* “torta de pan”, *bóte* “eche usted”, *córdo, còrvo* “curvo”... Dalgunhas parellas anteriores coma *abó/abò*¹⁷⁵,

¹⁷⁴ Estes textos poden consultarse en Fernández Salgado (2002).

¹⁷⁵ A oposición de xénero en *avó/avò* ([a'βo]/[a'βɔ]) polo diferente grao de abertura, coma actualmente en portugués, debía abranguer no século XIX boa parte da provincia de Pontevedra. Parece indicalo o feito de que tanto Pintos coma Valladares se fan eco desta oposición nas súas obras, que recollen en xeral o galego da vila de Pontevedra e arredores, e mais o da Ulla, respectivamente. Poida que a zona fose semellante á que ocupa actualmente a solución *m[ɔ]* (vid. *ALGalI*: mapa 27 de *moa*). No caso de *avó/avò*, a oposición desapareceu practicamente de todo o galego e deu paso, alí onde se mantiveron as formas patrimoniais, a un par innovador do tipo

bóte/bòte... despréndese o carácter distintivo do trazo aberto e pechado que Valladares (1892: 14) fai notar a través do acento grave e agudo, respectivamente, representación para el de suma importancia, pois afirma que “mediando voces homónimas [...] resultaría ambigua la frase”. En termos semellantes se expresan os outros estudosos.

4.1. As diferentes propostas teóricas

Así como a existencia de dous <e> e de dous <o> con diferente pronuncia é constatado sen discusión polos diferentes autores, si existen discrepancias na conveniencia de representar graficamente este feito e, de o facer, en cales palabras: ¿en todas, só nas que presentan vogais abertas, só nas parellas de palabras homógrafas?; e de marcar o distinto grao, ¿que marcas habilitar para iso?

Antes de seguirmos, cómpre facer unha aclaración: as propostas que sucintamente imos expoñer deben tomarse nun senso xeral, posto que se tivesemos que caracterizar a ortografía dos textos do Rexurdimento sería preciso usar adxectivos como anárquica, asistemática ou incongruente, con tantas propostas case coma escritores. Mesmo naqueles autores con proposta teórica se observan contradicións entre o exposto teoricamente e a práctica (vid. González Seoane 1992: 173-187 e Mariño Paz 2003: 23-55).

Canto ó rendemento da marcación da abertura, atopamos tres actitudes diferentes. Rodríguez Rodríguez (1892), partidario dunha ortografía para o galego o máis simplificada posible, rexeita calquera marcaxe para diferenciar as vogais medias abertas das pechadas e sinala que debe ser o uso o que conduza á súa recta pronunciación. Menos radical é a proposta de Saco Arce (1868). Do proposto na súa *Gramática* infírese que é partidario dunha marcación limitada a casos concretos de pronuncia aberta de vogais en sílabas que, segundo el, “han sufrido apóstrofo ó contracción” (Saco Arce 1868: 229); isto é, nalgúns monosílabos tónicos como *ô, á, vês...* Finalmente, Valladares móstrase en “Escritura gallega” (1888a), e sobre todo nos *Elementos* (1892), partidario de representar regularmente a diferente abertura das vogais medias en todas as palabras, e tanto na posición tónica coma na átona pretónica; isto implicaba que unha palabra puidese presentar dous ou máis acentos gráficos. Na práctica, Valladares cinguiuse a indicar as vogais medias de timbre aberto cando estas eran tónicas e só no *Diccionario* intentou unha representación sistemática das pretónicas abertas.

av[ɔ]/av[ɔ]a, hoxe quizais o máis habitual. Con todo, nalgúns puntos da Ulla e da ribeira coruñesa da ría da Árousa quedan reminiscencias da situación reflectida por Valladares (vid. *ALGaII*: mapa 26).

No referente á segunda cuestión, houbo coincidencia en que o diferente grao de abertura debía sinalarse a través dun sistema de acentos, como tamén se facía en portugués e en francés, que fose en certa maneira compatible co acento que indicaba tonicidade. Uns autores déronlle preminencia a un e outros a outro. Coma tal, na súa obra Valladares tentou compatibilizar no posible os dous sistemas, ben que, en xeral, obsérvase a preferencia polo acento de intensidade, de exceptuarmos algúns casos do *Diccionario*. As discrepancias entre as propostas dos diferentes autores xurdiron no valor que lles asignaron ós tres tipos de acentos que con certa regularidade se viñan utilizando naquela época: o agudo <'>, o grave <>`> e o circunflexo <^>.

Como non todos os autores eran partidarios de representar a diferente abertura, no noso exame das diferentes propostas recorreremos á análise da proposta de acentuación para marcar as parellas de homógrafos en que un dos membros posuía vogal media tónica aberta e o outro pechada, é dicir, con función diacrítica. En xeral, o sistema de acentos nestes pares facíano extensible ós outros casos en que lles interesaba marcar a abertura da vogal tónica. As principais propostas realizadas no século XIX foron as seguintes:

- 1) Pintos (1853: 69) n'*A gaita gallega* defende o uso do acento agudo para a vogal pechada e o grave para a aberta. Di el que “abre el acento grave las vocales y las cierra el agudo en ellas puesto [...]”. E dá exemplos de parellas coma: “*Avò* ‘Abuela’ / *Avó* ‘Abuelo’; *prèto* ‘Cerca’ / *préto* ‘Pleito’”.
- 2) Saco (1868: 17-18) na súa *Gramática* representa por medio do acento circunflexo a pronuncia da vogal aberta e por medio do grave a pronuncia pechada: *prêsa*, “priesa” / *prèsa*, “puesta en prisión”; *vên*, “vienen” / *vèn*, “ven (de *ver*)”; *ô*, “al” / *ò*, “el”; *ôso*, “hueso” / *òso*, “animal”. Xa contra o final da súa obra, no apartado dedicado a “Acentos” (1868: 229), indica tres usos para o acento agudo: a tonicidade “donde la voz se apoya”; a función diacrítica nalgunhas palabras monosílabas (*é/e*, *á/a*); (3) e a tonicidade dalgunhas palabras en enunciados interrogativos. Do acento circunflexo di que “sirve para denotar la pronunciación abierta de las vocales”.
- 3) Cuveiro (1868: 1-2) é partidario de empregar o til só nun dos membros da parella, concretamente o grave, para sinalar a vogal pechada, que fai extensible tamén a cando a parella se diferencia polo trazo tónico/átono, coma tal en *é* (P3 de *ser*) fronte á *è* (conxunción copulativa). Esta é a postura defendida en *El habla gallega*, xa que no seu *Diccionario* (1876) substituirá o acento grave polo circunflexo para marcar a pronuncia pechada.

4) Pérez Ballesteros (1886, 1888), no caso de parellas homógrafas, defende non acentuar nin o membro átono nin o que posúa a vogal tónica pechada. Deste xeito non levarán marca os artigos *o*, *a*, nin a conxunción copulativa *e*. Si se acentuará o outro membro das parellas, con acento grave se ten vogal aberta, o caso da forma verbal *è*, co circunflexo se esa vogal aberta é produto dunha contracción, o caso de *ô*, *â*, e co agudo nos demais casos. Mantén o acento agudo na preposición *a*.

5) Rodríguez Rodríguez (1892), partidario dunha escrita sen complicacións, en “Declinacion Gallega” reduce ó mínimo o uso de acentos. Suprime os graves e circunflexos e reserva o agudo para diferenciar os artigos das contraccións coa preposición *a*, ou da preposición *pra* da forma contracta co artigo feminino *a*: *prá*. Suprime tamén o acento da preposición *á*. No resto dos casos inclínase por non distinguir graficamente unhas voces doutras.

6) Por último, contamos coas dúas propostas de Valladares. No artigo “Escritura gallega” (1888) límitase a dar sobre todo regras valedoiras para o uso de acentos con función diacrítica segundo o grao de abertura. Refírese fundamentalmente a tres cuestións: as contraccións do artigo definido e a preposición *a*; a escrita da 3ª persoa do verbo *ser*, *é*, e a da conxunción copulativa; e a grafización da preposición *a*. Do exposto aí infírese tamén a súa proposta para outros pares. Propón usar o acento grave <`> para marcar as vogais medias de pronuncia aberta, *è*, *ò* para /e/, /o/, respectivamente, e para a contracción da forma feminina do artigo e da preposición *a*, que tamén ten unha realización aberta e máis longa [a:]. Pola contra, para a pronuncia das vogais medias pechadas /e/, /o/ propón que non se empregue ningún acento, ou todo máis o agudo (de feito, el nos exemplos non os acentúa: *preto*, *podo*). Tamén propón este acento para a preposición *a*. Este sistema foi *grosso modo* o que Valladares ensaiou en *Majina* (1870) e de xeito máis sistemático, no *Diccionario* (1884).

Non obstante, nos *Elementos* (1892: 12-14) modificou a proposta anterior en dous aspectos. Dunha banda, nas vogais medias fechadas pasa de recomendar en “Escritura gallega” o uso de “ninguno, ó cuando más el agudo”, a falar da súa obrigatoriedade nos *Elementos*: “La *e* [...] cerrada [...] debe llevar el acento agudo, ó de derecha á izquierda”. O dito sobre o <e> é aplicable ó <o> (“grave si es abierto, y agudo, si es cerrado”) e achega exemplos como *cédo*, *nenés*, *récio*... ou *chóro*, *ólmo*, *outóno*... Por outra banda, harmonizando con Saco (1868), propón o cambio do acento grave <`> polo circunflexo <^> para representar a abertura de *ô*, [o] e *â* [a:],

resultantes da contracción do artigo e a preposición *a*¹⁷⁶. Valladares aplicou esta última proposta nos exemplos en galego usados nos *Elementos* con relativa constancia, maior no novo uso do circunflexo do que na marcación co acento agudo das vogais medias fechadas, con algúns usos certamente estraños¹⁷⁷.

A táboa 1 resume as diferentes propostas teóricas, tanto para a representación da abertura das vogais medias como para diferenciar pares homógrafos en que un dos membros do par é átono e o outro tónico. Infírense dous tipos de propostas fundamentais: unha consistiría en deixar sen marca ningunha a vogal pechada ou átona e a outra en usar dous acentos diferentes, un para a vogal tónica de grao aberto e outro para a pechada ou átona. Na práctica, case todos os autores optaron polo primeiro sistema, que era o máis económico.

Marcaxe de vocal tónica <e, o> aberta/pechada							
	Pintos (1853:6 9-70)	R. Otero (1867: 35)	Saco (1868: 17-18)	Cuveiro (1868: 1-2)	P. Ballester os (1886)	Valladares	
						1888: 268	1892:1 2-14
/ɛ/ /e/	prèto préto		prêsa prèsa	preto prèto		prèto preto	prèto préto
/ɔ/ /o/	avò avó	avò avó	fôra fòra	bola bòla		pòdo podo	pòdo pódo

¹⁷⁶ Valladares (1892: 13), en nota, aclara e xustifica a súa mudanza de por que só neste caso o uso do circunflexo, e nunca para /ɛ/ nin nos demais casos para /ɔ/: “Tratándose de la *o*, concretamos, como indicado queda, el acento circunflejo á los dativos y acusativos masculinos y neutros y emplearemos el grave en todos los demás casos en que la *o* sea abierta; y esto por vía de distinción; corrigiendo así nuestro Diccionario, donde figura con acento grave tanto la *a* de los dativos y acusativos femeninos, como la *o* de los masculinos y neutros; pues, de admitir el circunflejo en toda *ò* abierta, fuera del dativo y acusativo, complicaríamos y hasta desluciríamos la escritura. Ejemplos: *Mèquétrèfe; pròpónér; quècér; vèllete &c*”.

¹⁷⁷ Referímonos ós empregos do acento agudo en formas como *fògo, óco, jógo, póbo, sóldo, sóro...* (1892: 17) -no noso dialecto de inequívoco timbre [ɔ], por outra parte etimolóxico-, nos que a súa interpretación co valor de [o] pechado levaría a pensar en formas afectadas polo metafonía de -o final. Actualmente, segundo o mapa *novo / nova* (ALGal: mapa 7), o dialecto ullán do autor queda englobado na zona afectada por ela ([noβo]), ben que se trata dunha zona de transición. Cabería pensar tamén que esteamos ante un erro de transcripción do editor, pois palabras nesta mesma páxina que si posúen <o> tónico pechado maioritario aparecen sen ningún tipo de marca: *almorzo, conto, dono...* Así é todo, non nos deixa de estrañar que as palabras xa citadas figuren tamén sen acento grave no seu dicionario: FOGO, JOGOS, POBO, SOLDOS, SORO..., poida que porque fosen inventariadas do dicionario de Cuveiro, onde todas elas figuran sen marca ningunha.

Outras con /ɛ/			cên, crêgo			alcacèn	cègo dèngue
Outras /e/			acèso, pèso			-	bébedo cédo
Outras /ɔ/			pôrta, consólo			-	còfia chavòla
Outras /o/			abòndo, dòno				jibón outóno
Marcaxe diacrítica de vogal átona/tónica							
o, a (art.)	ó, á	ó, a	ó, á	ò, à	o, a	o, a	o, a
ó á (cont.)	ò, à	ò	ô, â	o-âô, aa	ô, â	ò, à	ô, â
á (prep.)	(á)	-	á	-	á	á	á
é ('ser')		è	é	e	è	è	è
e (conx.)	é	é	e	è	e	e	e

Táboa 1. O acento como marca de abertura no s. XIX

4.2. Análise da práctica de Valladares

Como xa dixemos, baseamos a análise dos acentos como marca de abertura en textos de Valladares que nos ofrecen fiabilidade e de épocas dispares, co fin de determinar a evolución da súa praxe neste aspecto ortográfico.

4.2.1. *Composiciones gallegas* (1844-1856)

Nos primeiros poemas que compón, recollidos en “Composiciones Gallegas”, xa se observa a intención de marcar o timbre das vogais tónicas seguindo un sistema á francesa. Polo xeral, o timbre aberto márcase co acento grave <`> e o timbre pechado co agudo <'>. Algúns exemplos son: /ɛ/ = <è>: *bèlos, detèn, è* (P3 de Ipte ‘ser’), *fè, pè, prèsa, prèto, pudèra, soupèras, tèn..*; /ɔ/ = <ò>: *lògo, mòrre* (P3 do Ipte.), *òsos, sò* (adv.); /e/ = <é>: *abéllas, asoségate* (Imp.), *vé* (Imp.); /o/ = <ó>: *consóla* (Imp.), *dóces*.

Non obstante, Valladares non fai a marcación de xeito sistemático nin tampouco é o único sistema. Atopamos casos en que o acento agudo <'> non cabe máis que interpretalo como marca de timbre aberto, por exemplo nos seguintes casos: /ɛ/ = <é>: *éla, pé, sério, través, tés* (P2 do Ipte. de *ter*). Todas estas palabras

aparecen noutros textos seus con vogal aberta, entre elas a forma metafónica *èla*, así transcrita por exemplo no seu *Diccionario*. Tocante ás formas do pronome tónico de terceira persoa (*el, ela, eles, elas*), é posible que nos casos do uso do til agudo simplemente indique tonicidade, polo costume herdado da ortografía española en que a forma masculina singular si levaba acento agudo para diferenciala da homófona do artigo determinado. En *través*, a pesar do timbre aberto da vogal tónica, parece que prevalece a marca de tonicidade co acento agudo sobre o grave de abertura. Pola súa parte, /ɔ/ = <ó>, en *lóces* e *pró*, son tamén inequivocamente con vogal aberta, tanto no caso da forma verbal de *lucir*, con vogal radical aberta alternante, coma na forma sincopada do nexa adversativo *pró* (*pero* de < PER HOC), como o recolle en *Majina* ou no *Diccionario*, onde escribe *prò*.

Finalmente, a inconstancia da representación reflíctese nos moitos casos de /ɛ/ e /ɔ/ tónicos que non representa; por exemplo, /ɛ/: *cen, ceo, certa, marela, mel, quen, quente...*; /ɔ/: *colga* (P3 do Ipte. de *colgar*), *come* (P3 do Ipte. de *comer*), *cordas, ho* (interxección), *nosa, roca...*

4.2.2. “Cantigas d’a Ulla” (1867)

Nesta parte do manuscrito *Cantigueiro popular*, o sistema de marcación non está nada definido, pois atopamos para representar o grao aberto tanto o acento grave <`> coma o agudo <’>. Amais diso, este acento agudo é tamén empregado como marca de vogais medias pechadas.

Son poucas as palabras en que Valladares marca a abertura da vogal co acento grave, apenas algunhas formas verbais e algúns monosílabos. Son maioría os casos acentuados con /ɛ/ dos que con /ɔ/; por exemplo, /ɛ/ = <è>: *bèn, Crègo, dèses* (de *dar*) *è, èla, empèza, pès, quèr, quères, quèro, tèn*; /ɔ/ = <ò>: *còte, pòrta, prò*. Con todo, son moitas máis formas as que quedan sen marca de abertura; algunhas son: /ɛ/ = <e>: *berce, caravel, certa, deche, dera, deran, elas, fixeche, inferno, ninguen, pedra...*; /ɔ/ = <o>: *dona*¹⁷⁸, *dorme, fora* (adv.), *podo* (de *poder*), *porta...*

Noutras ocasións parece habilitar o acento agudo <’> tamén como marca do grao aberto para as vogais /ɛ/ e /ɔ/. É a interpretación que convén dar ós exemplos de /ɛ/ = <é>: *amarélas, bénia, caravél, dixéche, é* (P3 verbo *ser*), *estivére, estouvése, invéga*¹⁷⁹, *pé, quixéra, tés, vés...*; e de /ɔ/ = <ó>: *ampólas, cirólas*¹⁸⁰, *fóra, sóbe* (P3 de Ipte. de *subir*)...

O acento agudo <’> tamén serve para sinalar que a vogal tónica é de timbre cerrado, ou quizais conveña interpretar estes casos de acentuación como marca de

¹⁷⁸ Vai en rima con *fora* (adv.); no *Diccionario* DÒNA.

¹⁷⁹ Vai en rima con *pedra*.

¹⁸⁰ No *Diccionario*: AMPÒLA, CIRÒLA; as dúas palabras van en rima.

intensidade. Son case todos exemplos de /e/ = <é>: *cabélo, més, vés* ‘ocasión’; de /o/ = <ó> apenas podemos citar o caso do adxectivo *bó, bóa, bós e bróa*¹⁸¹. Nesta obra non atopamos ningún caso en que se represente a abertura das vogais átonas pretónicas.

4.2.3. *Majina* (1870)

O sistema de acentuación adoptado por Valladares no manuscrito de *Majina* (1870) é máis uniforme có empregado na transcrición das “Cantigas da Ulla”. Así, marca case exclusivamente as vogais medias tónicas de timbre aberto, para o que emprega maioritariamente o acento grave; por exemplo, /e/ = <è>: *abèrta, abofè, acibèche, alguèn, alpèndre, amarèla, anduvèse, apèrta, aquèla, astèlas, bèbe, bèn, bèrce, bubèla, calquèra, caravèl, Castèla, cègos, cèrta...*; /o/ = <ò>: *abò, atòpa, campòsa, capòte, chòla, chòra, còrda* (s.), *còrno, còsta* (s.), *còte, cròques, desenvòlta, dezanòve, dispòsto, dòna, escòla, espòsta, foje, fòra, fòrte...*

A clase de palabra en que máis veces recolle a marca de grao aberto da vogal tónica é a dos substantivos (45%), logo os verbos (25%), os adxectivos (16%), os determinantes (7%), os adverbios (5%) e outros 2%¹⁸². Os substantivos con máis de cinco ocorrencias son *pè* (20), *pòrta* (16), *abò* (f.) (9), *dòna* (9), *bèrce* (8), *nèta* (7), *còrda* (6), *vòlta* (7), *mòrte* (5), e o nome propio *Fèlis* (32). Entre os adxectivos están *mòrto* (9) *nòvo* (14), *pòsto* (7), *recèn* (4), *vòlto* (3) e *fòrte* (3). Das formas verbais, as máis sinaladas son *è* (62), *ès* (4), *tèn* (13), *tès* (2), *quixèra* (5) e *dèron* (4). Dos determinantes destacan en ocorrencias o demostrativo *aquèla* (15), o indefinido *cèrto* (14), o posesivo *nòso* (9) e os pronomes tónicos *nòs* (8) e *vòs* (5). Das restantes clases de palabras, sobresaen por número *prò* (55), *lògo* (48), *bèn*, (47), *fòra* (14), *siquèra* (11) e *quèn* (9). Á maioría dos exemplos correspóndelles en castelán palabras con ditongo <ue> ou <ie>.

Así e todo, Valladares non realiza a marcaxe de forma sistemática. Sirvan como exemplo as seguintes palabras, tomadas das primeiras páxinas, con vogal tónica media aberta que, non obstante, non levan acento grave: substantivos como *terras* e *ferro* (si o levarán no seu dicionario, s.v. TÈRRA, FÈRRO), ou formas verbais de perfecto como *fixese, viñera, viñese* ou *quixera*, que si acentúa outras veces. Con todo, débese recoñecer que nas palabras que máis frecuentemente aparecen grafadas con acento grave, o escritor ten certa constancia¹⁸³. Así, escribe sempre con acento

¹⁸¹ Nos casos de *bó, bóa...* o acento agudo podería interpretarse, así mesmo, como marca de monosílabo tónico e a forma feminina, coma o caso de *bróa*, como sinal de hiato.

¹⁸² Contamos con marcación 220 exemplos de palabras distintas; nelas incluímos as diferentes formas verbais conxugadas dun mesmo tempo e tamén as formas masculinas e femininas dun adxectivo.

¹⁸³ As dez palabras grafadas con acento grave que máis veces aparecen son: *è* (62), *prò* (55), *lògo* (48), *bèn* (47), *Fèlis* (32), *pè* (19), *pòrta* (16), *aquèla* (15), *fòra* (14) e *tèn* (13).

grave os substantivos *pè*, *pès* (20), *bèrce* (8) ou *nèta* (7) e o adverbio *fòra* (14); ou son as grafías maioritarias: *bèn* (47 veces) fronte a *ben* (6) ou *lògo* (48 veces) fronte a *logo* (7). No caso contrario atopamos o relativo *quen*, con vogal tónica /ɛ/ (no seu dicionario, QUÈN), que aparece 9 veces como *quèn* fronte ás 46 veces que escribe *quen*. Noutros o número de ocorrencias están máis parellos. En *siquèra*, con vogal tónica /ɛ/ (no seu dicionario, SIQUÈRA), aparece con acento de marca de abertura 11 veces fronte ás 14 de *siquera*; e o demostrativo *aquela*, con timbre aberto por metafonía na zona dialectal do autor (no seu dicionario, AQUÈLA), aparece representado con esta abertura, *aquèla*, en 15 casos e sen marca ningunha en 18 casos.

No caso de coincidir que a vogal media tónica aberta adoite levar impreso acento de tonicidade, Valladares dá preferencia á marca de intensidade sobre á de abertura. Así ocorre nos seguintes exemplos de formas esdrúxulas con vogal tónica /ɛ/ e /ɔ/, que, non obstante, son grafados co acento agudo: *derrétella*, *dijéramos*, *fixérase*, *médico*, *mistéreo*, *quixéramos*, *retirémonos*, *término*; *acórdate*, *canónego*... De igual xeito cómpre interpretar os acentos das palabras agudas: *café* e *través*.

De por parte, unha novidade que introduce Valladares en *Majina* (1870) con respecto ós textos anteriores é que, aínda que de xeito inconstante, sinalou o grao aberto da vogal pretónica dalgunha palabra. Tal foi o caso dos diminutivos *novèliña* e *Ermèliño*, que seguen a manter o mesmo timbre da súa base *novèla* e *Ermèlio*; ou do adverbio *nòvamente*, de *nòva*; *escòlante*, de *escòla*; e *empòrquei*, coma o substantivo *pòrco*. A marcaxe do timbre aberto dalgunhas vogais pretónicas conduce a que, por veces, algunhas palabras poidan presentar dous acentos gráficos, un de intensidade ou prosódico e outro de abertura, que ocorre sobre todo en formas verbais: *pròvistàra*, *aquècia*, *esquèncería* (no seu dicionario, AQUÈCER, ESQUÈCER), *escarapòlados* (no seu dicionario, CARAPÒLA). Mesmo nalgúns casos os dous acentos son de abertura, como é o caso de *espòlvorèjaba*, ben que non descartamos que se trate dun erro, en vista de que a abertura de <e> no sufixo *-ejar* non deixa de resultar estraña (cando menos no galego actual).

Como estamos a ver, o máis frecuente é que en *Majina* (1870) Valladares grafé só as vogais de grao aberto. As grafías <é> e <ó> na maioría de exemplos son casos de acento de intensidade, coma en *acércase* ou *farémoslla*; e noutros é marca de hiato: como en *caéra* ou *obrèa*, aínda que nestes coincide en que a vogal media é de grao pechado. Outros casos presentan maiores problemas de interpretación. Valladares ten tendencia a acentuar as formas da P4 dalgúns tempos verbais en que a vogal temática é /ɛ/: *acordarémos*, *dirémos*, *falémos*, *juntémos*... Como esta práctica tamén a observamos en textos seus en castelán, debemos concluír que se trata, sen dúbida, dalgunha débeda coas normas ortográficas do español aprendidas de neno.

Canto ó grupo de exemplos composto por monosílabos tónicos grafados co agudo tamén atopan a súa explicación na ortografía castelá, lingua en que se adoitaban acentuar por cuestións diacríticas. Sería o caso de *él* que, coidamos, arrastra tamén á forma feminina *éla* e de plural *éles*; ou das formas verbais de *ver*, *vé*, *vés*.

O acento circunflexo <^> emprégase excepcionalmente nunha única ocasión na palabra *vôo*, coidamos que representando a pechazon da vogal sobre a que se coloca (no seu dicionario, VÓO).

4.2.4. *Diccionario Gallego-Castellano* (1880)

No conxunto da súa obra, o *Diccionario* constitúe o texto en que con máis regularidade levou a cabo a marcación da abertura das vogais, tanto nas voces de entrada coma nos textos de exemplificación (cantigas, refráns e frases feitas) que inclúe en cada un dos artigos. En ningún momento do prólogo fai referencia a como se debe interpretar o sistema de acentuación empregado, pero tras a lectura dalguns lemas axiña se infire que este é o que xa usara en *Majina* (1870) e o que proporá uns anos depois en “Escritura gallega” (1888a).

Tomando como exame as entradas da letra F, podemos comprobar o dito. En xeral, as vogais medias tónicas fechadas figuran sen acento ningún, /e/, /o/ = <e>, <o>: FACENDA, FENO, FEO, FERREÑAS, FONCHO, FONTE, FORMA, FORZA, FROL...; en troques, aparecen con acento grave as vogais abertas tónicas: /ɛ/, /ɔ/ = <è>, <ò>: FACISTÈLO, FALCHÒCA, FALÈNCIA, FAMÈLGO, FANDÈLO, FANÈCA, FANÈCO, FANÈQUE, FARDÈL, FARDÈLA, FARÈLO, FARÈLOS, FRANÈLO, FATÈLO, FATÈRNA, FÈBRE, FÈCES, FEIJÒ, FÈL, FÈLES, FÈLGA, FÈLGOS, FÈLPA, FÈNTAL, FÈNTAS, FÈNTEIRA, FÈNTO, FÈNTOS, FÈRA FERBÈLA, FÈRO, FERÒS, FERREIRÒLO, FÈRRO, FÈSTA, FILLÒ, FILLÒA, FISTÈRRA: FISTÈRRE, FISTÒL, FLÈQUE, FÒ, FÒCA, FÒCHA, FÒL, FÒLE, FOLÈPAS, FOLÈRPAS, FÒLGA, FOLIÒTE, FÒQUES, FÒRA, FÒRJA, FORQUITÈLA, FÒRTE, FRÈBE, FRÈCO, FRÈCHA, FRÈGAS, FRÈJOLES, FREIJÒ, FRÈSA, FRÈTAS, FRÒS, FRÒSCA... O sinalamento da abertura da vogal tónica resulta bastante sistemático, xa que a penas deixou de marca-la nunhas poucas palabras como FANÈGA¹⁸⁴, FEBLE ou FELERPAS¹⁸⁵, que hoxe teñen habitualmente pronuncia aberta (polo menos no noso dialecto).

Doutra banda, no *Diccionario* si marcou con certa regularidade as vogais medias de timbre aberto /ɛ/, /ɔ/ en posición pretónica. Neste caso os vocábulos

¹⁸⁴ Tiña timbre aberto /ɛ/, como logo o sinala no seu derivado: FANÈGUÈIRO. Amais, este timbre é o que presentan habitualmente outras palabras rematadas en *-ega*: EMPRÈGA, ENTRÈGA, LABÈGA, MOÈGA, MOSÈGA, MUJARÈGA, MUJÈGA...

¹⁸⁵ Confróntense as outras variantes recollidas FOLÈPAS, FOLÈRPAS, FELÈRPAS.

presentan máis dun acento como indicamos noutro lugar (Fernández Salgado 2004a: 379): un grave, que marca o timbre aberto da vogal media, e outro agudo, que sinala a intensidade. Podemos velo en caos como FÈTIDÉS, FÒLÉCHO, FRÈCHÁR... Este sistema repítese ó longo de todo o dicionario¹⁸⁶. Sempre que grafa a abertura da vogal pretónica co acento grave sinala asemade a vogal tónica, ben co agudo, ben co grave. De se dar o caso de que a vogal media tónica sexa de grao aberto, Valladares dá preferencia á marca de abertura, de aí que poida haber palabras de entrada con dous acentos graves, coma tal FÈSTÈIRO, o primeiro marca de abertura e o segundo de abertura e mais de intensidade; é frecuente en formas co sufixo *-eiro* (en contraste co timbre maioritariamente pechado do galego actual neste ditongo): CALÒTÈIRO, CHÒQUÈIRO, CÒPRÈIRO, CÒRDÈIRO, DRÒGUÈIRO...

Ó sinalar a abertura das vogais medias pretónicas, Valladares non facía senón rexistrar unha tendencia dentro da fonética do galego da súa época, e que segue a actuar con certa regularidade no actual: a frecuente conservación do timbre aberto da vogal tónica da palabra base cando pasa a pretónica nos seus derivados. Valladares represéntao sistematicamente cando se trata de derivados diminutivos ou aumentativos: FARÈLO > FARÈLIÑO; FÒL > FÒLÍÑO, FÒLÍCO, FÒLÉCHO; FÈSTA > FÈSTÍÑA, FÈSTÉJO; FOLÈPAS > FOLÈPÍÑAS; FRÈBE > FRÈBÍÑA; FRÈSA > FRÈSÍÑA, FRÈSON...; e tamén no caso dos adverbios modais de base adxectiva ós que se lles engade o sufixo *-mente*: FERÒS > FERÒSMÈNTE (e noutras letras: GRÒRIOSAMÈNTE, MÒRMÈNTE, NÈTAMÈNTE, SÒASMÈNTE...).

Así mesmo, anota con certa frecuencia o grao aberto da palabra base noutras da súa familia creadas por sufixación non apreciativa. Neste punto, rexistra na lingua do XIX unha situación similar á actual (polo menos en comparación co noso dialecto). Por exemplo, o timbre aberto da vogal tónica da palabra base FÈSTA mantense en todos os membros da familia: FÈSTA > FÈSTÈIRO, FÈSTEJÁR, FÈSTEJÈIRO, FÈSTÉJO, FÈSTÍÑA, FÈSTIVIDÁ... En troques, tal e como sucede tamén hoxe, noutras familias a pesar de que a base ten vogal tónica aberta, ó pasar á posición átona pasa a realizarse pechada. Así o recolle Valladares, por exemplo, na familia de *ferro*: FÈRRO (con /e/), pero FERRADURA, FERRAXE, FERRAR, FERREIRO, FERREÑO... (con /e/ pretónico).

Por último e novidosamente, tamén rexistra no *Diccionario* como abertas as vogais medias que son núcleos silábicos de ditongos decrecentes, en contra da práctica máis habitual do galego actual en que se tenden a realizar como pechadas. A marcación co acento grave pode aparecer tanto que o ditongo vaia en posición

¹⁸⁶ Excepcionalmente atopamos casos de palabras con tres acentos, coma o caso de CÒITÈLÁDA e CÒITÈLÍÑO, ou SÒLÈNIDÁ e SÒLÈNEMÈNTE, con dous graves de abertura e un agudo de intensidade.

átona coma tónica. O maior número de casos refírense a <ei> e <oi>; menos numerosos son os de <eu> e <ou>, que só os rexistramos en dós lemas: BUJÈU e AVALÒU. Exemplos tirados do seu *Diccionario* de <èi> son: AMÈIJA, CALLALÈITE, CALQUÈIRA, CÈIFA, CHÈIRO, COLLÈITA, FÈITO, LÈIJÁR, LÈILÁN, LÈIRA, LÈITE, LÈITÍÑO, LÈITO, LÈITÚGA, PÈIDÍÑO, PÈIDO, PÈIFÓCA, PÈIJE, PÈIJÍÑO, PÈIJÓTA, PÈILÁO, PÈITE, PÈITEAR, PÈITÍÑO, PÈITO, PÈITORÍL, PÒRCO-TÈIJO, SÈICA, VÈIGATE...; e de <òi>, BARREDÒIRO, CEZÒIRO, CÒIDÁDO, CÒIDÁR, CÒIDO “coidado”, CÒIÑÁL, CÒIRÁCHO, CÒIRÍÑO, CÒIRO, CÒIRÓN, CÒITA, CÒITADÍÑO, CÒITÁDO, CÒITÈLÁDA, CÒITÈLÍÑO, CÒITÈLO, CÒITÍÑA, CÒITO, DENTÒIRAS, DESCÒIDÁR, DESCÒIDO, DESNÒITECÉR, ENJÒITÍÑO, ENJÒITO, ENLÒITÁR, ENLÒITÁRSE, LÒITA, LÒITADÓR, LÒITO, LÒITOSÍÑA, MAZADÒIRO, MÒINA, MÒINÁNTE, MÒITO, NÒITE, NÒITECÉR, ÒITÁVO, ÒITÈNTA, ÒITO, ÒITOCÈNTOS, PÒIS, TRÒITA, TRÒITÍÑA... Esta práctica continuaraa con máis sistematicidade nos lemas dos suplementos ó diccionario compilados durante a década de 1890 e nos refráns e cantigas incluídos neles.

4.2.5. *Elementos de Gramática Gallega* (1892)

Tomaremos como obxecto de estudo a tradución de “La fuente de los engaños” de Gracián, realizada polo propio Valladares, que figura nas últimas páxinas dos *Elementos* (1892: 128-129). Neste texto poñía en práctica as regras ortográficas e morfoloxicas enunciadas ó longo do seu texto gramatical e debería recoller tamén as innovacións ortográficas no referido á representación da abertura das vogais que propuña con respecto á proposta de “Escritura gallega”.

Así e todo, na tradución séguese a marcar só a abertura das vogais medias abertas /e/ e /o/ co acento grave (/ɛ/= <è>: *andènio, arènga, bèn, bèns, bèrce, comèza...*; /ɔ/ = <ò>: *descòrdia, dòbre, fòrtemente, hipòcreta, hòme...*). O acento agudo, cando aparece, debe interpretarse como marca de intensidade (*candidés, crébach’, sobérbia, vellés, filón*), ou de monosílabos tónicos (*cré, vés, él* ou *bó, bós*), ben que en todos estes casos a vogal tónica é asemade de timbre pechado. Formas como *veno, enredo, nobreza...* ou *fonte, gordo...* inequivocamente con vogal tónica pechada non figuran marcados con ningún tipo de acento. A marcación resulta bastante constante, xa que apenas quedaron por sinalar con vogal tónica aberta *sempre, orde* e *probe*.

Tale e como tamén fixera no *Diccionario*, nos exemplos contidos ó longo dos *Elementos* reflicte a abertura nos ditongos con certa regularidade, maior no caso do –ei– do que en –oi– e –ou–. Na lista de ditongos que ofrece nos *Elementos* (1892: 16), consigna con vogal media aberta *èi* e dá como exemplo *pèito*; en cambio non o fai en *oi*, aínda que dá como exemplo *bòi*. Mais adiante, cando establece correspondencias de vogais e sílabas entre o galego e o español sinala no apartado de

“E en èi” os exemplos *acèiro, bandèira, derèito, feitizo...* (1892: 24), sempre con <è>; tamén nas táboas verbais (1892: 91-94) as primeiras persoas verbais rematadas nas desinencias *-ei*, Valladares acentúas todas: *darèi-n-o, matèi-n-o, farèi-n-o*, mesmo no caso dos presentes de *haber* e *ser*: *hèi, sèi...* Pola contra, no caso de “O en oi”, “O en ou” e “Oi en ou” non representa nunca a abertura da vogal nuclear: *anoitecer, biscoito, noite, oito; azougar, cousa, couce, dous, fouce... dou, estou, vou* (1892: 24). Non obstante, nos refráns contidos ó final da gramática si é frecuente esta marcación: *mòi, antròido...* Nas táboas de verbos semella dar como pechados os casos das desinencias *-ou*, pois aparecen acentuadas co agudo: *espèrtou-n-o, dóu-n-o, vóu-n-o...*

5. A marcaxe da acentuación diacrítica

Por manter relación estreita coa marcación das vogais abertas, referirémonos finalmente ó sistema que Valladares adopta para discriminar os pares homógrafos de tres casos: os actuais de *ó* ([ɔ]), contracción de *a+o* / *o* ([o] artigo) e *á* ([aː]) contracción de *a+a* / *a* ([a] artigo e preposición), que se diferencian polo distinto grao de abertura; e os pares tónico / átono no caso *é* (verbo *ser*) / *e* (conxunción).

Neste punto, Valladares é bastante congruente nos seus escritos. Emprega o acento grave para marcar a forma *è* do verbo *ser* e sen acento ningún a conxunción copulativa *e*. Para os artigos *o, a* de pronuncia pechada, non utiliza marca ningunha, en tanto que para as contraccións utiliza o acento grave: *ò* [ɔ], *à* [aː]. A preposición *a*, gráfaa sempre con acento agudo, *á*, un hábito herdado da ortografía española do momento. Este é o sistema usado nas “Cantigas da Ulla”, en *Majina* (1870) e no *Diccionario* (1884).

As excepcións a esta práctica aparecen nos poemas iniciais do manuscrito *Composiciones gallegas* (1844-1856), nos que para a conxunción copulativa utiliza o acento agudo *é*, influencia da ortografía española; e nos textos dos *Elementos* (1892), onde, seguindo a Saco Arce, propón o uso do acento circunflexo para as contraccións: *ô, â*.

A certa coherencia e sistematicidade que se observa na obra de Valladares contrasta coa certamente caótica doutros autores da época. Seguindo a Lorenzo (1986: 24-26), de onde tomamos os datos, na obra *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro vense para a forma masculina do artigo as grafías <o>, <ô> e <ó>, e para a súa contracción coa preposición *a*, as formas <ô>, <ò>, <ó>, <o> e mais sen contraer <a ó>, <á o>, <á ó>. Para a forma feminina do artigo aparece <a> e <â> e para a preposición *a* <â>, <à> e <a>. Finalmente, para a contracción do artigo

feminino e a preposición alternan <a>, <â> e <á>. Poligrafismo semellante observa Lorenzo en *Aires da miña terra* (1886), de Curros Enríquez, e en *Queixumes dos pinos* (1886), de Pondal¹⁸⁷.

6. Conclusións

Logo desta análise, podemos concluír que a práctica de sinalar o grao aberto de <e, o> co acento grave vaina facendo Valladares máis sistemática co tempo. A regularidade compróbase nos recontos que fixemos das palabras con acento grave sobre o total de vocábulos dos textos que analizamos. Contabilizamos que de medias dun 2% en *Composiciones Gallegas*, “Cantigas da Ulla” e *Majina* (1870) pasamos a porcentaxes do 9% nos refráns contidos no seu *Diccionario* (1884) e no texto traducido dos *Elementos* (1892)

Sen dúbida, este uso dos acentos graves marcado abertura (xunta o uso dos apóstrofos e a preferencia polo <j> para representar o /j/) é un dos trazos que máis individualiza a súa escrita con respecto a doutros autores do XIX. Exceptuando os pares de homógrafos, que case todos os autores intentaron discriminar dalgunha maneira, Marcial Valladares é o escritor do Rexurdimento que con máis regularidade tenta sinalar o timbre aberto das vogais medias nas diferentes clases de palabras. Apenas Antonio de la Iglesia o intentou con certa sistematicidade tanto nos seus poemas¹⁸⁸, coma nos que exerceu de editor, sobre todo en *El Idioma Gallego*¹⁸⁹.

A vogal media que máis veces se acentúa para marcar a súa abertura é o /e/. Cinguíndonos só ó corpus de substantivos e adxectivos con acento grave, en *Majina* as marcas de abertura recaen en palabras con /e/ tónico nun 60% dos casos fronte ó 40% de /ɔ/. Nos refráns contidos no *Diccionario* as porcentaxes son máis parellas, aínda que seguen predominando as palabras con marca sobre o <è> cun 53% fronte ó 47% sobre <ò>.

¹⁸⁷ En *Aires da miña terra* aparecen no masculino <o> e <ó>; na contracción <ó> e ocasionalmente <o>; no artigo feminino <a> e <á>; na preposición <á> e <a>; e na súa contracción co artigo feminino, o normal é <á> pero tamén se rexistra <a>. En *Queixumes dos pinos*, recóllese para o <o> e <ó> indiscriminadamente; na contracción *ó* hai tres formas, <ó>, <o> e <ò>, e esporadicamente <ao>; para a forma feminina do artigo e a preposición mestura <a> e <á>, e para a contracción, <á>, <a> e <â>.

¹⁸⁸ No poema “Ortografía gallega III” aparecido na *Galicia Humorística* (nº 1, 14/07/1888, tomo II) vemos con bastante sistematicidade marcada a abertura co acento agudo <’> en *Portéla, Ourén’s, sémpre, tóma, espósto, pócha, cóstas, óbra, régras, pón, escrêbe, hóme...*

¹⁸⁹ Por exemplo, no poema “O desconsolo”, que escolma de Alberto Camino, figura o acento agudo como marca de abertura en *chóro, córdas, méntras*, en tanto que na mesma composición editada por el no *Album de la Caridad* ningunha das palabras leva marca: *choro, cordas, mentras*.

A marcade de timbre aberto que fai tanto da vogal pretónica coma da tónica, por exemplo no *Diccionario*, achega datos fónicos interesantes para os investigadores actuais nalgúns aspectos como a tendencia ó mantemento do timbre da palabra base nos seus derivados (como xa vimos por exemplo en FÈSTA > FÈSTÍÑA ou FRÈSA > FRÈSÍÑA, FRÈSON), e tamén sobre os fenómenos fonéticos da metafonía nominal e a influencia da nasal trabante na área ullá e compostelá. A estes dous fenómenos coidamos que encubertamente se refería Valladares nos *Elementos* (1892: 16) cando indicaba: “las vocales que se pronuncian abiertas en unas localidades, en otras se pronuncian cerradas y al contrario.

Así, poden servir de exemplos de metafonía nominal de *-a* final no século XIX marcase de abertura da vogal tónica coma a de *èla* e *aquèla*, varias veces nos seus textos, e tamén o caso de *hòra* e quizais tamén *campòsa* (vid. *ALGall*: mapas 161 e 8). Así mesmo, debemos interpretar como exemplos de metafonía de *-o* a non acentuación no *Diccionario* de formas como SOGRO fronte a SÒGRA. Tamén son metafónicos algúns substantivos rematados en *-elo* como CADELO, CANCELO (sen acentuar) fronte as súas parellas femininas CADÈLA, CANCELÈLA, con vogal aberta etimolóxica (< suf. lat. ĔLLU, ĔLLA) que vemos no *Diccionario*; ou *mantelo* fronte a *mantèla* que vemos en *Majina* (vid. *ALGall*: mapa 4 e mapa 11). Noutros casos a ausencia de acento en masculinos como *novo*, *posto* e *torto* varias veces (en oposición ós femininos *nòvo*, *pòsto*, *tòrto*), coidamos que non se deben interpretar como masculinos afectados pola metafonía, senón como esquecementos do acento por parte de Valladares, xa que noutras ocasións estas mesmas palabras si aparecen grafadas con <`>, sinalando a abertura da vogal. Así os pares *nòva* / *nòvo*, *pòsta* / *pòsto*, recollidos en *Majina*, ou *tòrta* / *tòrto*, nas cantigas do *Diccionario*, permiten concluír que na época do autor, a súa zona da Ulla, actualmente incluída dentro da zona de *novolnòva* e *pòstolpòsta*, ben que moi próxima as isoglosas de división (vid. *ALGall*: mapa 7), non presentaba este fenómeno nestes pares; aínda que si parecen presentalo os casos comentados na nota 8.

Sobre a influencia da nasal sobre a vogal tónica, o galego da Ulla queda dentro da área en que se produciu a pechazón de /ɛ/ e /ɔ/ etimolóxicos, e así o reflicte Valladares en formas como *tempo*, *dente* ou *vento*, que nunca acentúa.

Por último, coa acentuación grave da vogal media nuclear dos ditongos <èi, òu>, Valladares constata que no século XIX, polo menos no dialecto da Ulla e en contra da práctica actual, as realizacións máis abertas debían ser as habituais (ou cando menos así eran percibidas por el), segundo a certa regularidade con que as testemuña co acento grave no *Diccionario* e nos *Elementos*.

Referencias bibliográficas

- ALGAI = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico Galego. Vol I. I. Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGAII = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol II. Morfoloxía Non-Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Alonso Montero, Xesús (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*. Lugo: Celta.
- Alonso Montero, Xesús. (1988): “Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905”, *Grial*, 99, 8-19.
- Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega*. Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez & C^a.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2004a): “O Dicionario Gallego-Castellano (1884) de Marcial Valladares”, *Verba*, 31, 361-397.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2004): “A obra gramatical de Marcial Valladares”, *Cadernos de lingua*, 26, 47-98.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2005): *Marcial Valladares. Biografía dun Precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2002): *Marcial Valladares (1821-1903). Lingua, Literatura e Folclore*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. [Versión en CD-Rom, Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade].
- García Ares, M^a. Carme A. (2004): “Derradeira proposta ortográfica de Marcial Valladares”, en R. Alvarez et al (eds.), *A lingua galega, historia e actualidade : actas do I Congreso Internacional*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. II, 337-344.
- González Seoane, Ernesto X. (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Microficha. Santiago: Universidade.
- Hermida, Carme (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do. [s], *Grial*, 97, 299-316
- Lorenzo, Ramón (1986): “A lingua literaria na época de Rosalía”, en *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago: Consello da Cultura Galega – Universidade de Santiago, t. 3, 7-41.

- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa: Revista Galega de filoloxía. Monografía*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- Mosterín, Jesús (1993): *Teoría de la escritura*. Barcelona: Icaria.
- Marsal, A. [Andrés Martínez Salazar] (1888): “En tela de juicio”. *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, 4 (4/1888), 159-167.
- Perez Ballesteros, José (1885-86): *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña*, 3. vols. Est. Tip. de Ricardo Fé, Madrid, 1885-1886. [Facsimil en Akal, Madrid, 1979, con prólogo de Xesús Alonso Montero]
- Perez Ballesteros, José (1888): “Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas”, *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, 8 (8/1888), 379-385.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel (1892-1893): “Declinación gallega”, *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, I, 5 (11/1892), 267-275; 6 (12/1892), 335-345; 7 (1/1893), 385-390; 8 (2/1893), 461-469; 9 (3/1893), 525-528.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática Gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Valladares Núñez, Marcial (1879): “Del apóstrofo en la escritura gallega”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, t. I, 11, 123-124.
- Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago: Imp. y Enc. del Seminario C. Central.
- Valladares Núñez, Marcial (1888a): “Escritura gallega”, *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, t. II, 6, 6/1888, 267-270.
- Valladares Núñez, Marcial (1888b): “Una reflexión”, *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, II, 8, 8/1888, 397-399.
- Valladares Núñez, Marcial [1892] (1970): *Elementos de Gramática Gallega*. Vigo: Fundación Penzol / Editorial Galaxia.